



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Deseño aplicado	Código	616G01015	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Civil			
Coordinación	Mihura López, M. Rocío	Correo electrónico	rocio.mihura@udc.es	
Profesorado	Mihura López, M. Rocío	Correo electrónico	rocio.mihura@udc.es	
Web	<a href="http://www.udc.es/cienciasdacomunicacion/">http://www.udc.es/cienciasdacomunicacion/</a>			
Descrición xeral	Esta materia inicia ao alumno nos principios básicos do deseño. Impártese como remate do proceso de aprendizaxe iniciado na materia de primeiro curso Expresión Gráfica.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se modifican os contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Sesión maxistral Obradoiro Traballo tutelado Presentación oral Lecturas</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Proba obxectiva: este exame realizarase de forma telemática a través da plataforma moodle.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado M Teams: os alumnos terán unha sesión semanal en grupo grande e outra sesión semanal en grupo medio. Ademais realizarán as tutorías individualizadas a través de esta plataforma previo correo electrónico de solicitude. Moodle: atención diaria, a través de esta plataforma se enviarán traballos, materiais para os exercicios e traballos revisados. Correo electrónico: diario, resolveranse dudas sobre os traballos e se concretará cita para tutoría individual.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Primeira oportunidade: a proba teórica realizarase a través de moodle. Os traballos se seguen a entregar a través desta canle en formato dixital e se elimina a opción impresa do traballo. Segunda oportunidade: a proba teórica realizarase a través de moodle. O traballo práctico se segue a entregar a través desta canle en formato dixital e se elimina a opción impresa.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se modifica.</p>			



Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Os alumnos comprenderán e empregarán os códigos visuais para a execución de proxectos audiovisuais.	A1 A2 A8 A12		
Os alumnos empregarán as tecnoloxías dixitais na elaboración de proxectos sempre dende un punto de vista creativo, sen limitarse polas mesmas.	A7 A8	B8	
Os alumnos aprenderán o valor da crítica constructiva no seu propio traballo.	A4 A12		C3

Contidos	
Temas	Subtemas
Historia do Deseño Gráfico	- Dende a orixe aos nosos días
Diseño Gráfico e Comunicación	1. ¿Qué é o deseño gráfico? 2. Ámbitos do deseño gráfico 4. Fundamentos do deseño 5. Deseño gráfico e comunicación
A Creatividade Gráfica	1. Noción de creatividade gráfica 2. Procesos de creación gráfica 3. O aspecto estético
Identidade Gráfica	1. Elementos básicos de unha identidade gráfica 2. Metodoloxía de unha identidade gráfica 3. Aplicacións de unha identidade gráfica

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A12 A4 C3	12	0	12
Obradoiro	A2 A7	13	0	13
Traballos tutelados	A2 A7 A8 B8	32	64	96
Presentación oral	A1 C3	5	5	10
Proba obxectiva	A12	1	0	1
Lecturas	A4 C3	0	12	12
Atención personalizada		6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Impartiranse sesións maxistras sobre o deseño gráfico. Se realizarán de forma non presencial síncrona e asíncrona.
Obradoiro	A partir da teoría impartida realizaranse pequenos traballos asociados a un tema concreto. Realizaranse de forma presencial no centro.
Traballos tutelados	Os alumnos realizarán traballos tutelados ao longo do curso. Estes traballos terán varias revisións ás que é necesario asistir. Realizaranse de forma presencial e online.
Presentación oral	Os alumnos realizarán presentacións públicas sobre os traballos propostos. Serán de forma individual e en grupo. Estas presentacións computan na avaliación. Realizaranse de forma presencial.



Proba obxectiva	Realizarase un exame teórico.
Lecturas	Os alumnos deberán ler determinados textos relacionados coa docencia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Obradoiro	Traballos tutelados: estes proxectos realizados en grupo disporán de revisións semanais a través de M. Teams.  Obradoiro: os alumnos solicitarán tutorías por correo electrónico que se realizarán a través de M. Teams.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A7 A8 B8	Plantearanse proxectos para realizar ao longo do curso. Estes traballos recibirán revisións semanais ás que é preciso asistir.	60
Presentación oral	A1 C3	As presentacións públicas asóciase aos traballos tutelados.	10
Proba obxectiva	A12	A proba escrita versará sobre a teoría impartida na materia.	30

### Observacións avaliación

A primeira oportunidade realízase mediante avaliación contínua dos traballos prácticos e unha proba escrita. A segunda oportunidade consiste na realización dunha proba teórica e un traballo práctico a entregar na data oficial de exame.

Nesta materia a presentación material dos traballos considérase parte da aprendizaxe e como tal é avaliabile. Non se admitirá un traballo que non acade o estándar mínimo universitario.

As faltas de ortografía considéranse unha falta grave, de forma que cinco faltas de ortografía no mesmo traballo supoñen un suspenso, e catro ou menos restan 0,25 puntos cada unha.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Dondis, D. A. (2017). La sintaxis de la imagen. Barcelona: GG</li><li>- Johanson, K; Lundberg, P.; Ryberg, R. (2011). Manual de Producción Gráfica. Barcelona: GG</li><li>- Krug, Steve (2001). No me hagas pensar. Madrid: Prentice-Hall</li><li>- Satué, E. (2002). El diseño gráfico desde los orígenes hasta nuestros días. Madrid: Alianza</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Expresión gráfica/616G01004

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Formatos de televisión e novos medios/616G01019

#### Materias que continúan o temario

### Observacións

Nesta materia a presentación dos traballos considérase parte da aprendizaxe e como tal é avaliabile. Non se admitirá un traballo que non acade o estándar mínimo universitario. As faltas de ortografía considéranse unha falta grave, de forma que cinco faltas de ortografía no mesmo traballo supoñen un suspenso, e catro ou menos restan 0,25 puntos cada unha.



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías